

*Diario de fotogramas*

Eli Ríos



*Time is the best author. It always writes the perfect ending.*

Charles Chaplin

Quero pechar os meus ollos,  
quedar aquí a noite enteira  
pero ninguén pode andar pisando os seus propios pés.

Nin sequera ti máis eu  
agora que somos donos dunha parcela da eternidade  
presa nos nosos marcos.

Algún día chegaremos até os lindes  
e habemos achancar as fronteiras  
deixando orfo este colchón que non volveremos habitar.

Mentres tanto, a soidade tece  
teas de araña entre os gonzos das cancelas

coa certeza da divindade que agarda as criaturas ofrecidas no sacrificio.

Anceiaba pecharme contigo dentro de todos os soños  
sen sequera sospeitar que non levaba a chave comigo.

*Ela xa venteaba a túa ausencia. Daquela xa o sabía.*

Lémbrome porque estaba a carón da miña nai.

Ela debulla o chan no que ecoan  
os silenzos azorianos sementados  
entre os regos de humus oceánico,  
entre a terra na que soterra o ollar  
preñado de estadeas aínda vivas.

Lémbrome porque apretaba a man da miña nai.

Ela recolle migas do solo onde se descompoñen  
os bardos daqueles antigamentes,  
os perpiaños da bisavoa tronzados  
en anacos de osiños case invisíbeis,  
en codias nas que aniñan os versos.

Lémbrome porque mirei para dentro da miña nai  
e sentín as pingas da garoa rebater nos seus ollos.

Lémbrome porque estaba a carón da miña nai  
ancorado aos seus dedos cheos de dozura fría

sabéndome dono dun instante tan eterno

como os sons que nunca fuxiron dos seus beizos.

Escribirei versos de poeta maldito tecéndooos nas estrofas como a eiruga  
que sempre está no proceso de renacer cunha pel diferente.

Coa memoria chea de espellos esnaquizados non consigo ler os reloxios que marcaban a magnitude do meu tempo contigo.

Déixame pensarte, máis unha vez, antes de que o sol alcance o ceo mentres devolves as cinzas das bolboretas á boca do meu estómago.

Déixame pensarte antes de que chegue a tarde gris e a tristura porque teño medo daqueles meses que olen a bafo de cadáver, dos restos daqueles infinitos que nos enxertábamos ao amarnos.

Déixame pensarte antes de que o mencer se estrele e transforme os gatos de Mallarmé en Schrödinger escorrentando o perpetuo a camiño do perecedeiro

neste duelo que asalto como un viquingo suicida.

Porque despois de pensarte, queimarei as túas mentiras de post-it no mesmo caldeiro que as facturas da agua, a hipoteca e o seguro.

Entrarei en todos os corpos descoñecidos asasinando o teu sabor.

Beberei os gin-tonics que lapiden o sentir meigo das túas xemas .

Bicarei os beizos que esborranchen o mar/océano da túa mirada.

Secuestrarei os xornais e as noticias que invoquen as realidades.

Devolverei á casa da túa nai os panos e esas gravatas

que nunca fun quen de desembalar nas mañás de reis.

Centrifugarei as colchas que delimitaban as túas cadeiras

e abrirei todas as ventás

para que as airexas do outono

asolaguen os recunchos

con aromas que non falen de ti.

Calquera burato é un abismo se está ben etiquetado  
(e eu teño un *spray* de cores...)

Convertireite en estatua de sal no medio dos meus subconscientes.  
Mirareite cruzar a rúa sentíndote como unha completa descoñecida.  
Pensarei que, algún día, me arrepentirei de resetear a túa anatomía  
que, ao mellor, as ondas que circunvalan o teu embigo me esperten  
cando me encontre despistado, estelando todas as defensas de latón  
coas que procurei guarecerme no despeito[ probablemente] infantil.

Entón,

decatareime

que os meus afagos

xa non precisan os teus beixos

e que ti + eu só somos un recordo

arquivado na memoria do *facebook*.

( título: *Reminiscencias do efémero*)

Se vou quitando anacos de min mesmo,  
cando deixarei de ser eu?

O teu silencio atorméntame os oídos. O berro máis forte sen palabras.

Procuro todas as respostas que quero escoitar e só atopo as preguntas que me perseguirán nos pesadelos que te reteñen entre os neboeiros.

Ata que o tempo dilúe as torturas no orballo da rutina, doutro país,  
doutro pai dos teus fillos que non son eu, da nai que nunca serás ti.  
As décadas borran sen milán nata as dores gravadas a lume na pel  
e deixa só as contornas de cicatrices avellentadas polas ausencias...

- Seica enviuvaches... ( dirás o día da nosaseñora)

- Seica te separaches... ( direi cinco anos despois)

E mirareite regresar o día da festa ao barrio e falaremos as verbas xustas  
e agocharemos os desexos e sorriremos, ano tras ano, donos do segredo:

o pasado é unha figura de xiz que tocamos a modo para non partila en corenta mil anacos  
mentres bebemos a ambrosía das súas confidencias e no radio soa unha guitarra  
solitaria.

Recordar non é evitar unha chamada ou un encontro casual

: O tempo é a mellor anestesia.

Cando non se sente, as pernas non tremen e a voz non falla

Hai vinte xullos entrabas por primeira vez naquela tenda de campaña fuxindo do amencer.

- Queres unha lata de atún?

- Non teño abrelatas.

As amizades enxértanse en comezos minúsculos.

Hoxe sabémonos dúas décadas mais espertos.

Sentados nas banquetas da cociña

(nesa que sempre pensas que vai partir)

reflectimos as nosas engurras no outro.

Compartimos os sorrisos de todos os tempos

peneirados neste instante chamado agora.

Coñeces segredos meus que non me contas para

non magoar os recordos que altero á vontade.

Recollo sufrimentos teus que non che explico para

gardalos nos petos sen que che lastimen a memoria.

É difícil, moi difícil, escribirte entre estas liñas.

Imposible grabarte no silencio metálico da urbe.

Deixamos morrer a xente que amamos

en meses alternos buscando as forzas

que me/te/nos permitan sustentarnos.

Distribuímos as dores en espazos tácitos

a través do fío telefónico...

E cando as distancias se encrequenan  
non me tocas porque coñeces a dor  
das ausencias, a tortura dos baleiros  
sen brazos nin ombros onde acubillarse.

E cando os quilómetros son cero nesta cociña  
afasto lene as mans porque temo queimarme  
coas estalactitas que te atravesan sen ser capaz  
de salvarte desa cruel soidade que me/te posúe.

Recuperamos, neste instante chamado agora, cada copa.

Bebemos os grolos inzados de desfiuzamentos, crises,  
linguas, ibex, carburantes, suicidios e soños rachados.

Afogámolos, un a un, nas fronteiras do estómago  
e recolleito todas as palabras que non besbexas  
construíndo aliteracións enxeñadas só para ti.

Aquelas ás que lles doarás a música das estrofas,  
esas que compoñerán todas as ondas da matéria.

As canas abandeirán os teus roxos cabelos e  
repoboan con cantís as miñas barbas mouras.

Xa non somos os eternos adolescentes nun concerto.

Senón unha parella de números primos

trazados na horizontalidade das liñas  
que nunca chegan a entrecruzarse.

Mañá, ou pasado mañá, regresarás a Berlín.  
Eu sentarei na miña mesa para tomar o café  
xusto no intre en que ti pousas a cunca na túa.  
Os segundos serán os mesmos baixo o minuteiro  
pero as paredes soprarán barullos tan distantes  
como os recendos do verde, o laranxa ou o amarelo.

Acenderemos mecanicamente o radio:  
bos días  
*guten morgen*  
e o Lenine traspasará os límites aínda por explorar.  
Pensarei: " Era bo que estivese aquí para escoitalo".  
Besbexarás: " Se puidese oílo seguro que lle gustaba"

No último compás espertarán os nenos.

O teu almorzará unha torrada con queixo e xamón.  
A miña, zume de laranxa, un kiwi e flocos de millo.  
Falaremos das présas, das carteiras e da escola.  
A rutina posuirá, pouco a pouco, as nosas mentes  
e as lembranzas esmorecerán no fondo das retinas  
faltas de feridas ou danos programados na escena.

Esvaecemos no mundo do Outro sen remedio até que...

Os trastes da guitarra inxecten baixo os nosos poros  
a cobiza eléctrica daqueles movementos compasados,  
deses que se coñecen eternos alí onde remata a terra.  
Entón gabearemos con ansia os prefixos internacionais  
e preguntaremos se nos apetece unha lata de atún.

- Non teño abrelatas pero  
o café aínda está quente.

Voltan as tornas a brincar paralelismos perfectos.

Barallamos, ao acaso, exactas horizontalidades  
e sentamos nas mesmas cadeiras, ano tras ano,  
saboreando a ledicia de verse reflectido dentro

dos ollos do outro...

sempre unha vez mais.

E cando soa o teléfono no medio da noite sinto a negrura azancando dentro de min.

Os tempos todos contigo cabalgan a memoria sen agardar polo lapis que os escriba.

A realidade non existe se non hai alguén que sobreviva para contala.

Hoxe, enterro o meu pasado, coa túa caixa, na estrada desta curva.